

## XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U.

*ANUNCIO polo que se acorda o alleamento mediante poxa pública de varios bens inmobles propiedade das entidades xestionadas por Xesgalicia, S.G.E.I.C, S.A.U.*

Ás 14:00 horas do día 10 de maio de 2021 terá lugar no salón de actos da sede situada na Rúa Ourense, 6, 15701, Santiago de Compostela, perante a mesa composta por Dna. Nathalia Martins, Dna. María Posada e Dna. Susana Vázquez, a poxa pública dos seguintes bens inmobles propiedade de Xesgalicia, S.G.E.I.C., S.A.U., cuxo alleamento foi acordado polo Consello de Administración o 29 de marzo de 2021.

LOTES (*)	PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN (SEN IVE)
<b>Lote 1:</b> <u>Edificio Industrial e Anexo Terminado</u> situado na Rúa da Galega, S/N de <u>Viana do Bolo</u> , Ourense con núcleo postal Bembibre (Santo Andre).	50.705,29 €
<b>Lote 2:</b> <u>Finca rústica</u> Lugar de Rañal, Oseiro - <u>Arteixo</u> Polígono 1, Parcela 15.	84.272,05 €
<b>Lote 3:</b> Conxunto de varias <u>fincas rústicas</u> en Lugar <u>Mandiá</u> Polígono 501, Parcelas 3327-3369 -3517 y 3528.	131.253,62 €
<b>Lote 4:</b> Conxunto de varias <u>fincas rústicas</u> Cruce <u>Padrón</u> , A Coruña, Polígono 503, Parcela 12,21,36,44,45 y 50.	102.029,13 €
<b>Lote 5:</b> Baixo <u>local comercial</u> en C/Travesía de Eiriña (LA), nº 16, Planta PB, <u>Pontevedra</u> .	235.376,90 €

*(\*) as bases que rexen a presente poxa (no Anexo II) ofrecen información complementaria relativa á composición e natureza dos activos que compoñen os lotes.*

Para tomar parte na poxa é requisito indispensable consignar o 5 % do importe de saída do/s lote/s, en concepto de fianza, mediante aval ou ingreso en metálico, que deberá ser efectuado con anterioridade á solicitude do lote. As ofertas deberán ser presentadas, segundo o exposto nas bases que rexen a presente poxa, antes das 14:00 horas do día 5 de maio de 2021.

Serán por conta dos adxudicatarios os custos dos anuncios, así como os orixinados pola adxudicación e formalización da escritura pública de venda; os demais gastos e impostos derivados da transmisión serán de aplicación conforme ao disposto na lei.

As bases que rexen a presente poxa están a disposición dos interesados na sede social de Xesgalicia, S.G.E.I.C., S.A.U., Rúa Ourense, nº 6, 15701 (Santiago de Compostela), así como na páxina web: <http://www.xesgalicia.gal>

Teléfono de información: 981 54 16 21

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Rubén Aguión Seoane  
Director Xeral de XESGALICIA, SGEIC, SAU